



FOLLA  
INFORMATIVA DO  
MOVEMENTO  
GALEGO AO  
SOCIALISMO

www.mgs-galiza.org

# máis alá!

nº 2 marzo 2010

## para a Clase OBREIRA Galega todos os días son 10 de Marzo

O 10 de marzo do ano 1972 os traballadores do naval ferrolán Amador Rei e Daniel Niebla morrían abatidos polas balas da policía tras xornadas de mobilizacións na Empresa Nacional Bazán. Os traballadores desta empresa loitaban por un convenio digno e reivindicaban melloras salariais, mellores condicións de vida e liberdades políticas. As masivas loitas obreiras e folgas en Vigo e Ferrol nese ano e a vaga de solidariedade e toma de consciencia posterior criaron o caldo de cultivo necesario para que o sindicalismo nacionalista e de clase se desenvolvese en Galiza facendo fronte á patronal e ao sindicalismo entreguista de CCOO e UGT. A CIG, digna herdeira desa tradición combativa e non pactista, segue hoxe a defender na rúa os intereses da clase traballadora galega.

O Movemento Galego ao Socialismo é unha ferramenta en construción da clase traballadora galega. Defendemos que as loitas concretas, desde os pequenos conflitos laborais ás grandes folgas, son contra un inimigo común como é o capitalismo que é o que provoca as inxustizas e desigualdades sociais que padecemos cada día e que están na orixe dos conflitos internacionais, as guerras e a negación da soberanía de pobos como o galego. Traballamos no seo da CIG, desde

as empresas aos organismos para fortalecer a nosa central sindical na defensa de mellores condicións de vida. Os dous símbolos do noso anagrama representan os dous eixos fundamentais a partir dos cales se nuclea o noso ideario político: a bandeira vermella da clase traballadora na súa loita por un sistema político ao servizo dos hoxe oprimidos, e que non pode ser outro que o socialismo e a bandeira galega, coa estrela vermella de cinco puntas simbolizando a liberación nacional e a loita pola independencia de Galiza.

Na actualidade unha nova reforma laboral se está a cocer entre goberno, patronal e o sindicalismo español para que, mais unha vez, a clase traballadora paguemos a factura dunha crise provocada pola codicia dos poderosos que se enriqueceron co noso traballo. Neste momento é mais evidente que nunca que hai que seguir loitando por mellores salarios, por convenios dignos, e polas liberdades políticas que garanticen os nosos dereitos individuais e colectivos. É por iso que os traballadores e traballadoras galegas temos a necesidade de organizarnos sindical e politicamente na defensa dos nosos intereses inmediatos e estratéxicos como maioría social.



## a nosa resposta ao capital

Antolín Alcántara

O capitalismo é un sistema baseado na acumulación e concentración de riqueza. A agonía, o fracaso de hoxe, só provocará maior dano e destrución. Será enormemente máis difícil reconstruír un mundo cada vez máis esgotado nas súas potencialidades, nos seus recursos naturais, enerxéticos e alimentarios; cunha maior densidade poboacional e un planeta en catarse ambiental. A actualidade é de acumulación

por expoliación, e estas son as súas consecuencias. Non é un sistema que permita correccións e tampouco é reversible.

Temos que recoñecerlle a súa capacidade funcional e creativa para retroalimentarse. logrou apropiarse dos recursos da humanidade e nos seus momentos de maior convulsión sempre conseguiu adhesión dos Estados. Para o seu beneficio,

apoderouse da ciencia, a investigación e a intelixencia, fíxose dono do noso tempo, relacións e emocións. Conseguiu que consumamos aquilo que non necesitamos e desprezamos o que nos é útil. Transformou a nosa antropoloxía nos ámbitos operativos e centrais do sistema.

Esta crise ensínanos que a pesar da sacudida estrutural que conmocionou a economía do planeta, nada cambia; o

continúa>>



>> capital financeiro actual, sen a simbiose da súa parte industrial e acentuadamente especulativa, purgouse. Os grandes devoraron aos pequenos. Doutra banda aprovisionou durante o 2009 máis de 2 billóns de euros dos recursos públicos. A súa responsabilidade non foi sancionada sinxelamente porque representa a excelencia da acumulación máis vertixinosa. Unha obscenidade que demostra o seu poder.

Na década dos cincuenta do pasado século a mobilización de diñeiro que circulaba no Mundo, correspondía nun 80% a capital produtivo, comercio de bens manufacturados, enerxía, alimentos, minerais, importacións, exportacións; mentres o restante poderíase adjudicar ao financeiro. Na actualidade esta proporción é inversa. Sen dúbida a principal fonte de aprovisionamento ten a súa orixe na riqueza que se crea co traballo e nos salarios dos traballadores, así como na exoliación por sometemento dos recursos nos países empobrecidos e colonizados económica ou militarmente. A degradación dos dereitos e o empobrecemento da clase traballadora nos últimos 30 anos, son consecuencia desta tendencia.

En Galiza, no ano 1980 as rendas do traballo supuñan o 63% do PIB, mentres as do capital apenas representaban o 27%. Trinta anos despois, cun 70% máis de poboación asalariada, as rendas do capital son por primeira vez superiores. Apenas un 20% da poboación acumula máis riqueza que o case 80% restante. Un paradigma desconcertante para moitos, unha ecuación sinxela na dialéctica do sistema, que se instala de xeito parecido aínda que menos acelerada en todos os países europeos. A economía e a capacidade adquisitiva dos salarios e das familias traballadoras son moi dependentes da disciplina financeira, desde as hipotecas ata os créditos menores.

Nesta etapa instalouse en Europa o modelo de conciliación de clases, perfeccionado por un mecanismo de xerarquía vertical, no que as decisións sobre os dereitos da clase traballadora tense instrumentado a través do Pacto Social. Cúpulas das tradicionais organizacións políticas e sindicais apropiáronse de decisións do pobo, amparadas no modelo representativo, mentres o exercicio de goberno alternase entre socialdemocracia e a dereita.

Se entendemos o capital como sistema de organización económica no seu desenvolvemento científico, teremos que considerar que nesta etapa de acumulación vertixinosa necesita de xeito estratéxico estas alianzas; as colaboracións incondicionais dos Estados e a apropiación das súas riquezas, así como, a pacificación e subordinación da clase traballadora, fundamentalmente no seu ámbito de centralidade e concentración, porque é aquí onde cobra forza e estende a súa potencialidade e amplitude. Se estes dispositivos atopan resistencia, o sistema terá en perigo o seu metabolismo; e neste momento este risco representa unha ameaza maior que en calquera outra etapa. Xa non pode modificar a súa velocidade. Non é posible reconstruílo sobre o pasado, estes ciclos están esgotados. Necesitamos organizar unha nova resposta, novos contidos, novas esperanzas, ou imporase a barbarie.

Enfrontámonos a unha loita desigual na que a ciencia e a tecnoloxía son usadas polo sistema. Cada novo descubrimento fortalece a súa posición na relación de forzas contra a humanidade, pero aínda temos espazos vitais para o coñecemento, o pensamento, a empatía e a creación do

individuo, que non se pode desagregar da súa dinámica social. Os centros de traballo, escolas, universidades e lugares de actividade social, son potencialmente construtivos dunha resposta que se sobrepoña á barbarie. As novas xeracións da clase traballadora non coñecen outra realidade distinta á que viven. Non se transmitiu a cultura dos dereitos e a obriga de loitar por eles. Temos que recompor esta ligazón.

Esta crise ofrécenos a oportunidade de converter cada conflito nun escenario de loitas de clases, como corresponde á súa natureza. Todo conflito pola defensa do emprego, condicións de traballo, proteccións e servizos públicos, contra privatizacións, debe ser unha constante na loita política. O noso discurso debe abordar abertamente a loita de clases, a súa explicación, a repartición da riqueza, a xustiza social; sen complexos, explicitamente, transcendendo do puramente reivindicativo. Seica non é este o conflito central entre capital e traballo?

“as organizacións sindicais de clase deben ser aberta e recoñecidamente unha fronte política, que traballe de xeito horizontal e conxunto con outras críticas no seu espazo co sistema”

No último ano, as organizacións sindicais do nacionalismo vasco e galego, traballamos con esta disciplina, o que explica a dimensión e dureza dos conflitos, con numerosas folgas que superaron os quince días e algunha máis de trinta días. Ambas organizacións sumamos máis de 20.000 delegados representantes sindicais. Nun contexto non precisamente favorecedor para a acumulación de forzas, o

feito de que este número de traballadores e traballadoras comprometan o seu esforzo e a súa propia estabilidade laboral en proxectos de aberto enfrontamento ao sistema, permítenos elaborar e crer nunha alternativa sostida contra o mesmo. No caso galego, a CIG nas súas mobilizacións pronúnciase por superar o capitalismo e crear o socialismo do século XXI. Hoxe xa, as organizacións sindicais de clase, deben ser aberta e recoñecidamente unha fronte política, que traballe de xeito horizontal e conxunto con aquelas outras organizacións de carácter social, críticas no seu espazo co sistema; ao mesmo tempo cos partidos da clase traballadora influíndo na súa política de masas, provocando a audiencia e defensa necesaria das nosas reclamacións.

Politicemos pacientemente á clase traballadora e a súa resposta será a que debilitará este sistema.

artigo completo en: <http://mgs-galiza.org/?p=699>



POLA LIBERACIÓN NACIONAL E A XUSTIZA SOCIAL  
**MOVIMENTO GALEGO AO SOCIALISMO**